

CRÓNICA BREVE QUE NON SE XUBILA

O mes de xuño é o mes da miña mellor memoria da infancia: vestíase a paisaxe da aldea, medraban os días e cada 29 chegaba de lonxe o San Pedro, que seica tiña as chaves do Paraíso e pagaba de seu as Bandas de Música e as Orquestras para a troula. O icono do santo pescador tiña unha dozura para os nenos que de sempre pecamos contra aquel mandamento, que era unha crucifixión de penitencias. “No cometas más actos impuros, ni siquiera tú solo! Has entendido? Es pecado y enfermedad a un tiempo, no lo olvides”- despedíanos o crego desde aquelas táboas do confesonario na revíspera. E o san Pedro veña a meter música e foguetes; e o corpiño das rapazas que entra- ba polos ollos coma unha regalía. Eu sempre pecador e inferno á vista.

Eramos daquelas quendas de aprendices que mortificamos o corpo e soñabamos marabillas contra todos os pronósticos. Unha cativa rebelión a bordo das aldeas de silencio e catecismo. Moitos ían de axiña aos Seminarios e os outros ficabamos na espera de pecar para aprender, e viceversas. Medramos mal mantidos e fomos sendo solidarios nos corpos das entregas,



coas achegas xuvenís daquelas chaves que o san Pedro arriaba da barca para o agocho na floresta, onde Deus non ve nin sabe nunca, porque confía. Esta imaxe do santo amigo da nosa infancia e xuventude, aínda está no retábulo labrego da igrexa románica de Ferreiroa. Agora de vellos, el coma min, falámonos desde fóra das paredes.

- Queres outra vez as chaves?
 - Xa non podo coma antes.
 - Pois hai que seguir podendo, meu amigho!
- E sorrímonos.

Velaí que despois deste limiar de certezas, quérovos dicir a todas, todos, amigas, amigos, compañeiras, compañeiros, que esta tarde do día oito de xuño cumprimos andaina feliz e recalada de memoria nunha das profesións de máis alto risco de todas as Historias Humanas de Progreso e de Aventuras. Nunca foi doada a complicidade de pasar as chaves dos respectivos paraísos da intelixencia. E ben difícil segue sendo arestora: tempo global de hipocresías. “Que pasen as correntes apestadas, que pasen, que outras virán”, deixou pendurado Rosalía, no tendal da escrita, nestes versos contra os infortunios e os agoiros das derrotas. Cómpre sermos felices na ribeira e no interior das nosas xeografías humanas, que fomos sucesivamente nominados mestras, mestres, profesores, profesoras, funcionarios... As etiquetas non mudaron o traxe e o vestido de vodas daquela primeira vez que abrimos a porta da aula e case cen ollos unitarios, mixtos, unísonos, nos deron a ledicia de saber que aí estaban ao carón da nosa biografía, por primeira vez. Co corazón aberto cavilo neles, nas sucesivas idades dos días e das noites que soñamos xuntos: e hai un mar, case un océano de vidas que nos lembran na reciprocidade tamén desde o cariño.

Apertas de buxo sempre e ollámonos de volta co meu Señor San Pedro, agora na desmedida do máis tempo e máis lecer, no Paraíso.